

**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

XORNADAS ACADÉMICAS  
**CAMIÑO. A ORIXE**

# ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DUNHA EXPOSICIÓN TEMPORAL

**DO 8 AO 11 DE XUÑO DE 2015**  
MUSEO CENTRO GAIÁS.  
CIDADE DA CULTURA DE GALICIA





XORNADAS ACADÉMICAS CAMIÑO. A ORIXE

## ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DUNHA EXPOSICIÓN TEMPORAL

Con motivo de 'Camiño. A Orixe', o Museo Centro Gaiás ofrece a oportunidade de adentrarse na organización dunha exposición temporal, analizando as diferentes fases e técnicas de traballo deste proceso, desde a concepción da idea ata a inauguración.

Con 150 obras procedentes de 70 institucións nacionais e internacionais, 'Camiño. A Orixe' constitúe un caso de estudo axeitado para analizar aspectos como a definición do concepto e discurso dunha exposición, a selección e petición de obra, as relacións coas institucións cedentes, o deseño da montaxe, o seguro e transporte das pezas ou a edición do catálogo.

As xornadas analizarán tamén as relacións entre arte e historia, coa presenza de prestixiosos investigadores e especialistas na cultura xacobeá, e abordarán a dimensión emocional do Camiño, así como a ollada a este itinerario desde a creación contemporánea. Persoas destinadas a direccións de museos, comisarios, técnicos de exposición, conservadores de obra, responsables de colección, arquitectos, historiadores e investigadores, todos ofrecerán aos participantes unha visión integral da organización dunha exposición.

### A EXPOSICIÓN

'Camiño. A Orixe' aprofunda na orixe do culto a Santiago para achegar ao público unha visión de como se conforma a peregrinación a Compostela.

A selección de obras, con pezas de autores como Dürero ou Murillo, establece tres argumentos: a figura do Apóstolo Santiago, o Camiño e o Peregrino. Pinturas

e esculturas vense complementadas con exquisitas realizacións en acibeche, esmalte, marfil ou alabastro, así como cunha destacada selección de documentación e elementos singulares como estandartes, armaduras ou roupas de peregrinos.

A exposición abrangue a vertente emocional do Camiño, reflectida en dous proxectos co peregrino como protagonista. O primeiro é unha acción de recollida de bastóns doados polos peregrinos, máis de 1.860 bordóns de diversas formas, nacionalidades e procedencias. O segundo é un traballo documental de 160 gravacións a peregrinos narrando a súa experiencia.

*Camiño. A Orixe* ten unha vertente contemporánea da man da colaboración con novos creadores procedentes da Facultade de Belas Artes de Pontevedra e das Escolas de Arte e Deseño, institucións implicadas activamente no proxecto.

### DESTINATARIOS DAS XORNADAS:

Licenciados, Graduados e alumnos de Grao, Posgrao e Máster de Historia da Arte, Humanidades, Belas Artes, Museoloxía e xestión cultural, Alumnos de Escolas Superiores de Arte e Deseño, profesionais da museoloxía, xestión cultural e coordinación de exposicións, e interesados no estudo xacobeo e na produción e/ou deseño de exposicións artísticas.

# PROGRAMA DAS XORNADAS ACADÉMICAS

## LUNS 8 DE XUÑO:

### SESIÓN DE MAÑÁ : 10:15 – 13:45

*CONCEPTO, SELECCIÓN DE OBRA E DESEÑO DA MONTAXE DO PROXECTO EXPOSITIVO CAMIÑO ORIXE.*

Interveñen:

**María Pereira Otero.** Directora Acción Cultural. Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

**María García-Alén.** Historiadora da Arte e Restauradora. Experta en montaxe de exposicións e conservación do patrimonio histórico-artístico. Directora do proxecto Camiño. A Orixes.

**Juan Manuel Monterroso Montero.** Profesor titular de Historia da Arte e decano da Facultade de Xeografía e Historia da USC. Asesor artístico do proxecto.

**Jesús Irisarri e Guadalupe Piñera.** Arquitectos e deseñadores da montaxe expositiva.

Mesa redonda ao final das intervencións. Modera: María Pereira Otero.

### SESIÓN DE TARDE: 16:15 – 19:45 H.

*TODA HISTORIA TEN UN PRINCIPIO. AS ORIXES DE SANTIAGO, O CAMIÑO E O PEREGRINO.*

Interveñen:

**Juan M. Monterroso Montero.** Profesor titular de Historia da Arte e decano da Facultade de Xeografía e Historia da USC. Asesor artístico do proxecto.

**Fernando Lopez Alsina.** Catedrático de Historia Medieval da Universidade de Santiago de Compostela. Membro do Comité Internacional de expertos do Camiño de Santiago.

**Paolo Caucci von Saucken.** Historiador, especialista no Camiño de Santiago. Presidente do Centro Italiano di Studi Compostellani. Membro do Comité Internacional de expertos do Camiño de Santiago

**Adeline Rucquoi.** Historiadora medieval e Directora de Investigación do CNRS. Francia. Membro do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago O peregrino na Idade Media.

Mesa redonda ao final das intervencións. Modera: María Pereira Otero.

## MARTES 9 DE XUÑO:

### SESIÓN DE MAÑÁ : 10:15 – 13:45

*A ORGANIZACIÓN DA EXPOSICIÓN INTERNACIONAL CAMIÑO. A ORIXE: A XESTIÓN DA PETICIÓN DE OBRA, O TRANSPORTE E SEGUROS, A MONTAXE E O CATÁLOGO.*

Interveñen:

**Verónica Santos Farto.** Técnica de exposicións no Departamento de Acción Cultural. Cidade da Cultura de Galicia

**Carmen Menéndez Montero.** Técnica de exposicións no Departamento de Acción Cultural. Cidade da Cultura de Galicia.

**Mar Angosto Acuña.** Técnica de exposicións no Departamento de Acción Cultural. Cidade da Cultura de Galicia

Mesa redonda ao final das intervencións. Modera: Juan Manuel Monterroso Montero, asesor artístico do proxecto.

### SESIÓN DE TARDE: 16:15 – 19:45

*PEZAS ELIXIDAS PARA UNHA MOSTRA.*

Interveñen:

**Juan M. Monterroso Montero e María García Alén.**

Introducción. Grandes obras para unha mostra.

**José Ignacio Hernández.** Conservador e responsable de Colecciones del Museo Nacional de Escultura.

**María Antonia Herradón.** Conservadora do Museo del Traje.

**José Manuel López Vázquez.** Profesor titular de Historia da Arte da USC e comisario de exposicións.

Mesa redonda ao final das intervencións. Modera: María García-Alén.

# PROGRAMA DAS XORNADAS ACADÉMICAS

## MÉRCORES 10 DE XUÑO:

### SESIÓN DE MAÑÁ : 10:15 – 13:45

*A DIMENSIÓN EMOCIONAL. A MEMORIA ACTUAL DO PEREGRINO E A SÚA MATERIALIZACIÓN NO PROXECTO EXPOSITIVO CAMIÑO. A ORIXE.*

Interveñen:

**María García-Alén.** Directora do proxecto.

**Segundo Leonardo Pérez Lopez.** Deán-Presidente do Cabildo da Catedral de Santiago de Compostela e director da Oficina do Peregrino

**Damián Varela Pastrana** da empresa Miramemira, realizadores do proxecto documental e video-instalación *A marca do peregrino*.

Mesa redonda ao final das intervencións. Modera: María Pereira Otero.

### SESIÓN DE TARDE: 16:15 – 19:45

*A REALIDADE DUNHA MOSTRA. PEZAS MESTRAS DA EXPOSICIÓN? PARTICULARIDADES E SINGULARIDADES DAS OBRAS DE ARTE NAS SALAS DE EXPOSICIÓN TEMPORAIS.*

Visita guiada e comentada á exposición por María Pereira Otero, Juan M. Monterroso Montero e María García-Alén.

## XOVES 11 DE XUÑO:

### SESIÓN DE MAÑÁ : 10:15 – 13:45

*A ESPECIAL COLABORACIÓN COAS INSTITUCIÓNS MUSEÍSTICAS E A IMPLICACIÓN DAS INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS DE ENSINO SUPERIOR E UNIVERSITARIO NO PROXECTO CAMIÑO. A ORIXE.*

Interveñen:

**Elena Hernando Gonzalo.** Directora da Fundación Lázaro Galdiano.

**Ramón Yquierdo Peiróo.** Director técnico do Museo da Catedral de Santiago.

**Miguel Ángel González.** Director do Arquivo e Museo da Catedral de Ourense.

**Esther Muñoz Mella.** Directora da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón. Lugo

Mesa redonda ao final das intervencións. Modera: María Pereira Otero.

### SESIÓN DE TARDE: 16:15 – 19:45

*LUGARES XACOBEOS. UN PROXECTO DE CREACIÓN CONTEMPORÁNEA PARA ANALIZAR AS RELACIÓNS DA CIDADE HISTÓRICA E A CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.*

**Silvia García González,** decana da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

**Juan Carlos Meana,** profesor titular da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Ambos os dous son comisarios de Lugares Xacobeos

Visita ás intervencións comentadas polos seus creadores

---

# PROGRAMA E DESENVOLVEMENTO DAS XORNADAS

**Data:** 8, 9, 10 e 11 de xuño de 2015.

**Lugar:** Aula Seminario do Museo-Centro Gaiás. Cidade da Cultura de Galicia.

**Dirección:** Juan M. Monterroso Montero. Decano da Facultade de Xeografía e Historia da USC.

**Coordinación:** Departamento de Acción Cultural. Cidade da Cultura de Galicia.

**Total de horas:** 28

**Horario:** Mañás: 10:15-13:45h. /Tardes: 16:15-19:45 h.

**Matrícula:** De balde.

**Número de asistentes:** 50

**Criterio de selección:** por rigurosa orde de inscrición ate completar as prazas.

**Inscricións en:** [www.cidadedacultura.gal](http://www.cidadedacultura.gal)

## 1 ETCS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Criterio para obtención do crédito: Asistencia mínima ao 85% das xornadas. Comprobarase mediante firma de asistencia nas sesión de mañá e tarde



**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA



Subvencionado por:

Organiza:

